

- **A FPG COMPROMÉTESE A NON PACTAR O GOBERNO DO CONCELLO**
- **O NOSO PACTO É COS INTERESES DA CLASE TRABALLADORA E CO POBO DE REDONDELA**
- **Á ESQUERDA REAL AO CONCELLO**
- **POR UNHA REDONDELA ANOVADA, DE ESQUERDAS, GALEGA, REPUBLICANA, ECOLOXISTA E FEMINISTA**



RAFAEL BALADO MERINO



ADRIANA FONTÁN LÓPEZ



GEMMA NOVELLE MARCOS



CÁNDIDO VILLAR RODRÍGUEZ



JOSÉ RODRÍGUEZ MÍGUEZ



CRISTINA BLANCO MONTEIRO



NATALIA VIDAL HORTAS



HUGO PAZOS ACOSTA



XOEL LÓPEZ SCHWARZ



MANUEL GONZÁLEZ CAL



X. CARLOS COUÑAGO TELES



OLGA COUÑAGO CORTEGOSO



MARINA ORGE FERNÁNDEZ



RICARDO CASTRO BUERGER



LARA PÉREZ RUBIÑÁN



LORENA CAMBÓN CANCELA



MARGARITA GONZÁLEZ PÉREZ



ELADIO AVENDAÑO CONDE



X. MANUEL RIAL RODRÍGUEZ

**COMPROMETIDOS COA ESQUERDA,  
COMPROMETIDOS CON REDONDELA, CO POBO E COA TERRA**



**FPG**  
**FRENTE**  
**POPULAR**  
**GALEGA**

ELECCIÓN MUNICIPAL REDONDELA 2011

**BERTO COVELO**



**VOTA**  
**A ESQUERDA**  
**CO POBO E COA TERRA**  
**FPG**

**Outro xeito de actuar politicamente no Concello de Redondela é posíbel e desexábel**

## **ENTRE TODAS E TODOS HABÉMOLO CONSEGUIR. ADIANTE COA ALTERNATIVA Á ESQUERDA. CO POBO E COA TERRA**

### **A ALTERNATIVA**

A Frente é unha ferramenta nas mans do pobo de Redondela para transformarmos entre todas e todos a nosa realidade máis inmediata. Queremos transformar o noso concello nun territorio onde as traballadoras e traballadores teñamos acceso a un traballo digno, gocemos das vantaxes dun desenvolvemento sustentábel e dun medio natural vizoso e respectado, poidamos vivir e desenvolvernos plenamente en galego e teñamos acceso a uns servizos sociais dignos, á cultura e á información.

### **TODAS E TODOS SOMOS PARTE DA SOLUCIÓN**

Non podemos agardar a que as solucións nos veñan de fóra, nin de políticos profesionais. Temos que ser a clase traballadora de Redondela, o Pobo organizado en asembleas, quen tomemos partido e impulemos un cambio revolucionario neste lugar no que vivimos e traballamos.

### **A VOZ DO POBO**

A FPG será a voz do pobo no Concello, racharemos co pasado, co circo que ofrece a mala política neste concello. Trasladaremos os problemas reais dos veciños e as reivindicacións que nos presenten as e os traballadores, a xente nova, os máis vellos, as asociacións veciñais, culturais, ecoloxistas, feministas, republicanas, da memoria histórica, de defensa da lingua e demais movementos sociais.

## **O POBO NON QUERE...**

### **...máis burocracia e corrupción no Concello**

Non queremos un goberno municipal xordo, cego, que non escoita os veciños e non quere saber nada dos seus problemas mentres gasta de xeito caciquil os nosos impostos no autobombo.

### **...máis especulación urbanística**

Non queremos que se xogue co noso territorio a especular, aos pelletazos urbanísticos e a escangallar o noso rural e os nosos montes. Non queremos un casco vello ruinoso e abandonado.

### **...máis desemprego e precariedade laboral**

Non queremos que se condene a xente nova ao desemprego e á precariedade, con contratos eventuais e sen dereitos. Non queremos salarios de miseria e sen prestacións sociais.

### **...máis incomunicación e cemento**

Non queremos infraestruturas que arrasan Redondela e nos incomunican co resto da provincia. Non ao desenvolvemento baseado no cemento, en infraestruturas que fomentan o automóbil e o individualismo, que arrasan co rural e cos nosos montes, acuíferos e co noso medio natural. Non á falsa senda verde.

### **...máis AP-9, A57, A59, AVE e transporte pesado polas nosas poboacións**

## **A FPG COMPROMÉTESE A LOITAR DESDE O CONCELLO E DESDE A MOBILIZACIÓN POPULAR POR...**

**...un goberno democrático no Concello, transparente, asembleario e republicano.**

**...a defensa do noso medio natural: os nosos montes, ríos, acuíferos, a nosa ría e a enseada de San Simón.**

**...un Plan Xeral de Urbanismo Municipal, elaborado democraticamente coa participación dos veciños e dos movementos sociais.**

**...a igualdade entre mulleres e homes, a defensa dos dereitos das mulleres traballadoras, unha rede municipal de escolas infantís.**

**...un Plan de Emprego para Redondela, a contratación indefinida, salarios dignos e redución da xornada laboral a 35 h.**

**...a defensa da Cultura Galega e do noso idioma, a potenciación da creación cultural, a ampliación da rede municipal de bibliotecas.**

**...un plan de infraestruturas e transporte que fomente o transporte colectivo metropolitano en tren de proximidade, en ferri transbordador que nos comunique co Morrazo, así como mellorar as estradas para permitir transportes alternativos como a bicicleta.**

**...a recuperación da memoria histórica e os valores republicanos.**

**Construamos o Poder Popular, deámoslles todo o poder ás asembleas: constituamos os Consellos Parroquiais e fomentemos a participación das veciñas e veciños nas decisións que a todas e todos nos competen.**

